

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de agosto de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTE:

D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1597).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 23 e 30 de xullo e a sesión extraordinaria e urxente do 30 de xullo de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1598).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 199/06 INTERPOSTO POR D. JULIO LIRA BLANCO CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE EXONERACIÓN DE COTA DE ENGACHE DE VIVENDA. INADMISIBLE.

Dáse conta da sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada polo letrado D. José Manuel Alvarez Graña, en nome e representación de D. Julio Lira Blanco, contra a resolución de 29 de decembro de 2005, dictada no expediente 45546/250, pola que se desestima a reclamación de exoneración da cota de enganche da vivenda que constrúe en compensación á tubería e arqueta instalada pola súa finca, por incorrer en desviación procesual, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Vías e Obras e o de Augas.

3(1599).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 250/2006 INTERPOSTO POR AQUALIA-FCC UTE CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL QUE DECLARA A RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS DA CONCESIONARIA EN ACCIDENTE DE AUTOMOBIL. INADMISIBLE.

Dáse conta da sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 10 de xullo de 2006 estimatoria da reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada polo representate legal de Patatas Rubio S.L., por escrito, con entrada no rexistro municipal de data 08.04.05, para que se lle indemnizara polos danos e predas sufridos con motivo dun accidente dun dos seus coches, o vehículo Ford Transit 8238BGL, que tuvo lugar o día 6.09.04 cuando circulaba pola rúa Coruña de Vigo e as dúas rodas dianteiras quedaron encaixonadas en dous sumidoiros sen tapa, no que o Concello declara a responsabilidade en exclusiva da concesionaria Aqualia. A sentenza falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Aqualia FCC UTC fronte o Concello de vigo contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, e se confirma sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e o responsable do control do Servizo de Augas.

4(1600).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4926/2003 INTERPOSTO POR INVERSIONES VIGO S.A. EN RELACIÓN CO CONVENIO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA PARA CONSTRUCCIÓN DE ESTACIONAMENTO SOTERRADOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 22.02.07, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos, por perda sobrevida do obxecto, o presente recurso, procedemento ordinario nº 4926/03, interposto por INVERSIONES VIGO S.A. contra acordo de 28.04.03, que desestima o recurso de reposición interposto contra o Convenio suscrito entre o Concello e o Corsorcio da Zona Franca de Vigo para construción de aparcamentos subterráneos (expte. 234/01), sen especial mención en cuanto ó pagamento das súas custas procesuais.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

5(1601).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. 02/4279/2003 INTERPOSTO POR D^a. MARIA CARMEN BALADO PERES E OUTRA CONTRA RESOLUCIÓNS SOBRE RECUPERACIÓN DE LOCAIS COMERCIAIS Nº 15 E 20 DO MERCADO DO PROGRESO (INADMISIBLE) E AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CAS. 8/8126/2006 INTERPOSTO CONTRA A DEVANDITA SENTENZA (DESERTO O RECURSO).

Dáse conta da sentenza de data 22.06.07, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos declarar e declaramos a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto por María del Carmen Balado Pérez e Rosa Soares Soriano contra resolución de 20.01.03 pola que se desestima o recurso reposición interposto contra o Decreto polo que se ordenaba a posta a disposición do Concello, dos locais comerciais 15 e 20, no mercado do Progreso de Vigo; sen facer especial condena en custas.

Así mesmo dáse conta do auto de data 27.01.07, dictado polo Tribunal Supremo, no recurso de casación nº 008/006176/2006, interposto contra a devandita sentenza, que na súa parte dispositiva acorda:

Declarar deserto o recurso de casación preparado por D^a. M^a del Carmen Balado Pérez e D^a. Rosa Soares Soriano contra sentenza de data 22 de xuño de 2006 dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos autos núm. 4279/2003, con devolución á mesma das actuacións recibidas; non se fai expresa imposición de custas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza e do auto dos que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

6(1602).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4247/2003 INTERPOSTO POR D^a. M^a MERCEDES GONZALEZ RODRIGUEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 7.06.07, dictada polo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto por M^a Mercedes González Rodríguez contra a resolución do Concello de Vigo de data 27 de outubro de 2002, desestimatoria da reclamación indemnizatoria formulada pola recorrente en concepto de responsabilidade patrimonial; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta ós Servizos de Patrimonio e o de Vías e Obras.

7(1603).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 132/2007 INTERPOSTO POR D. BIENVENIDO VILA REPRESAS CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto polo letrado D. Abraham Tenreira Reina , en representación de D. Bienvenido Vila Represas, contra a resolución do concelleiro delegado de Seguridade do Concello de Vigo de data 15.03.2007 desestimatoria do recurso de reposición a súa vez deducido contra a resolución da indicada autoridade municipal de data 28.12.2006 mediante a cal se impón ó recorrente a sanción de multa de 301 € por unha infracción en materia de tráfico por ser conforme a dereito, con expresa condena en custas ó recorrente.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación municipal.

8(1604).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 129/2007 INTERPOSTO POR D. JUAN CARLOS VEGA MARTÍNEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 27.06.07, do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimando o recurso contencioso-administrativo interposto polo letrado D. Abraham Tenreira Reina en representación de D. Juan Carlos Vega Martínez fronte a desestimación de recurso de reposición accionado ante o Concello de Vigo da anterior resolución sancionadora do concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade de dito Concello recaída en expediente 068686166; e con expresa condena en custas ó demandante.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ós Servizos de Seguridade e Recadación municipal.

9(1605).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 128/2007 INTERPOSTO POR D. JUAN CARLOS VEGA MARTÍNEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimando o recurso contencioso-administrativo interposto polo letrado D. Abraham Tenreira Reina en representación de D. Juan Carlos Vega Martínez fronte a desestimación de recurso de reposición accionado ante o Concello de Vigo da anterior resolución sancionadora do concelleiro delegado de

Mobilidade e Seguridade de dito Concello recaído en expediente 068686199; e con expresa condena en custas ó demandante.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ós servizos de Seguridade e Recadación municipal.

10(1606).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 133/2007 INTERPOSTO POR D. JUAN CARLOS VEGA MARTÍNEZ CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN A SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto polo letrado D. Abraham Tenreira Reina, en nome e representación de D. Juan Carlos Vega Martínez, contra a resolución do concelleiro delegado de Seguridade do Concello de Vigo de data 15.03.2007 desestimatoria do recurso de reposición á súa vez deducido contra a resolución da indicada autoridade municipal de data 28.12.06 mediante a cal se impón ó recorrente a sanción de multa de 301 euros por ser conforme a dereito, sen facer expresa condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ós Servizos de Seguridade e Recadación municipal.

11(1607).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 542/2007 INTERPOSTO POR D. ALFONSO DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ CONTRA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo a demanda formulada pola letrada M^a Pilar Villar Pérez, en nome e representación de D. Alfonso Domínguez Rodríguez, contra o acordo do Tribunal Económico Administrativo, recaído no expediente 273/550, pola que se desestima a reclamación económico administrativa formulada contra a desestimación do recurso de reposición contra a liquidación do IIVTNU por importe de 824,56 €, sen facer expresa imposición de costas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Tribunal Económico Administrativo municipal, a Inspeccion e a Administración de Tributos (IIVTNU) deben coñecer o resolto.

12(1608).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 117/2006 INTERPOSTO POR GRAVINA VILLAS Y PROMOCIONES S.A. CONTRA

DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REPOSICIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DO CONSELLO DA XMU. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo a demanda, formulada por Cesareo Vázquez Ramos, en nome e representación de Gravina Villas e Promociones S.A., contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto pola actora contra a resolución do Consello da Xerencia de Urbanismo de 2 de xuño de 2005, dictada no seno do expediente de reposición da legalidade Urbanística 12178/423, pola que se impuxo á recorrente unha multa de 13.235 €, como substitución en especie do beneficio económico que a sociedade obtén polo incremento de aproveitamento nos inmobles números, 2, 4 e 6 da Rúa Gravina, esquina Churruca 11, anulando integramente a mesma, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Disciplina da Xerencia municipal de Urbanismo e Patrimonio Histórico.

13(1609).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 18/2004 INTERPOSTO POR D. ADRIAN RODRIGUEZ PEREIRO CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (DESESTIMADO) E SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. APELACIÓN Nº 4217/2005 CONTRA DITA SENTENZA (DESESTIMADO).

Dáse conta da sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de D. Adrián Rodríguez Pereiro fronte ó Concello de Vigo contra a resolución denegatoria do Concello de Vigo de data 10.11.2003, da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada pola recorrente en data 31.03.2003; acto que declaro conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

Así mesmo, dáse conta da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 0004217/2005 interposto contra a devandita sentenza, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso de apelación 0004217/2005 interposto por D. Adrián Rodríguez Pereiro contra sentenza de data 23 de marzo de 2005 dictada no procedemento PO 0000018/2004 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo sobre responsabilidade patrimonial; con expresa imposición das custas á parte apelante.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das sentenzas das que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

14(1610).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 277/2006 INTERPOSTO POR Dª. ELISA SOBREIRA FERNÁNDEZ E OUTRA CONTRA

DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva di:

Que debía acordar e acordaba ter ó Procurador D. Luis Cesar Torres Goberna en nome e representación de Catalana de Occidente S.A. de Seguros y Reaseguros e de D^a. Elisa Sobreira Fernández, por apartado e desestido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

15(1611).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 38/2006 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO A. GIL DOMÍNGUEZ EN RELACIÓN COA SANCIÓN DISCIPLINARIA DE SUSPENSIÓN DE FUNCÍONS. ARQUIVO DO PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva di:

Procede o arquivo do presente procedemento por recoñecemento en vía administrativa das pretensións do recorrente (artigo 76 LXCA) sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que se deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Persoal.

16(1612).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 8/2007 INTERPOSTO POR D^a. MARÍA C. ALFONSO INSUA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. REMATADO O PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Declárase rematado o presente procedemento interposto polo letrado D. Abraham Tenoira Reina en nome e representación de M^a Carmen Alfonso Insua contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual. Arquívase o actuado tomándose nota nos libros de rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demandada.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que debéra darse conta ó departamento de Seguridade e a Recadación Executiva.

17(1613).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 54/2006 INTERPOSTO POR AXA AURORA IBERICA S.A. CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva di:

Que debía acordar e acordaba ter ó procurador D. Ricardo Estevez Cernadas, en nome e representación da entidade AXA Aurora Ibérica S.A. de Seguros y Reaseguros por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

18(1614).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO PARA A CELEBRACIÓN DA PRIMEIRA ETABA DA VOLTA CICLISTA A ESPAÑA 2007. EXPTE. 7152/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 22.08.06, o informe do interventor xeral acctal, da mesma data, e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 9.08.07, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO:Aprobar o texto do convenio para a celebración da saída da Volta Ciclista a España 2007, entre o Concello de Vigo e a Fundación Deporte Galego, que de seguido se transcribe.

SEGUNDO:Aprobar o gasto de 300.000euros, a favor da entidade: Fundación Deporte Galego CIF: G-15769383. Con enderezo no Estado Multiusos San Lázaro, porta 4- 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA, con cargo á partida 4521.489.00.03 VOLTA CICLISTA A ESPAÑA 2007, do vixente orzamento, condicionados os efectos económicos, á aprobación definitiva da modificación orzamentaria 110/200.

En Vigo, a .

REUNIDOS

Dunha parte a Excm. Sra. Dña Ánxela Bugallo Rodríguez, Presidenta da Fundación Deporte Galego, dada a súa condición de Conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, quen aceptou o seu cargo en data 23 de setembro de 2005 diante do Sr D. Héctor R. Pardo García, Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia.

Doutra o Excmo. Sr. D. Santiago Domínguez Olveira, Tenente de Alcalde do Excmo. Concello de Vigo, en virtude das atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración.

EXPOÑEN

I) Que con data 22 de febreiro de 2007, a Consellaría de Cultura e Deporte fai a encomenda de execución da organización da 1ª etapa “Vuelta ciclista a España 2007” á Fundación Deporte Galego, fundación pública coa condición de medio propio e instrumental da Dirección Xeral para o Deporte.

En virtude da encomenda a Fundación Deporte Galego encargárase de supervisar o cumprimento por parte dos concellos de Vigo, Allariz, Santiago de Compostela e Viveiro dos seus compromisos para coa axeitada organización das respectivas etapas.

II) Que o Concello de Vigo está interesado en que a 1ª etapa da Volta Ciclista a España na data do 1 de setembro, se desenvolva na nosa cidade, así como en albergar as actividades complementarias descritas no Anexo 1.

III) Que, dado o interese común que ambas entidades teñen na organización da “1ª etapa da Volta Ciclista a España 2007”, subscriben o presente convenio que ten por finalidade, o desenvolvemento da 1ª etapa da Volta Ciclista a España 2007, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as bases de colaboración entre a Fundación Deporte Galego e o Concello de Vigo para posibilitar a organización da “1ª etapa da Volta Ciclista a España 2007”, que se desenvolverá en Vigo, o vindeiro 1 de setembro de 2007.

Segunda. Lexislación aplicable

A lexislación aplicable a este Convenio é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte norma configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a normativa autonómica de subvencións, as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; así como toda a normativa de aplicación, incluíndose as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un clara carácter de interese público e social polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS, dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de público.

Por outra banda a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver a saída da Volta Ciclista a España 2007, e dado que ten a encomenda do goberno da Comunidade Autónoma, é a Fundación Deporte Galego, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrència.

A Fundación Deporte Galego para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

Terceira. Tramitación

Este convenio tramítase coma anticipado de gasto, consonte coa Base 29 das de Execución do orzamento, dado que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 30/07/2007 acordou aprobar a Modificación Orzamentaria número 110/200, na que se inclúe un Crédito Extraordinario por novas necesidades, na partida orzamentaria 4521.489.00.03 Convenio Volta Ciclista a España 2007, por un importe de 300.000 euros. Polo tanto, aos efectos

económicos do presente Convenio, se supeditan á existencia de crédito adecuado e suficiente, dadaa as características da súa tramitación (anticipado de gasto).

Cuarta. Obrigas da Fundación Deporte Galego

A Fundación Deporte Galego proporcionará asesoramento técnico ao Concello de Vigo para a organización deste evento.

A Fundación Deporte Galego organizará a primeira etapa da Volta Ciclista a España 2007.

Asemade a Fundación xestionará a presenza do Concello de Vigo en:

- 3 Libro de ruta da “Vuelta a España 2007”.
- 4 Publicidade institucional na liña de saída e de meta con 10 x 0,80 metros de lona en cada espazo.
- 5 Soportes publicitarios xestionados na campaña de comunicación a promover en Galicia.

Quinta. Obrigas do Concello de Vigo

O Concello de Vigo comprométese a:

1. Autorizar o desenvolvemento da 1ª etapa da Volta Ciclista a España 2007, o vindeiro 1 de setembro de 2007.
2. Cubrir as necesidades requiridas pola Fundación Deporte Galego e que se detallan no Anexo 1 en relación coa etapa Vigo-Vigo a celebrar o 1 de setembro de 2007 e coas actividades complementarias.
3. Facilitar as fotografías, textos e logotipos precisos para a súa inserción no Libro de Ruta. De non entregala en prazo a Fundación Deporte Galego queda liberada de xestionar a presenza no citado libro.
4. Facilitar a lona prevista para a liña de saída e de meta cunha semana de antelación á realización do evento.
5. Aportar a cantidade de 300.000 euros (trescentos mil euros) na conta da Fundación que consta na certificación bancaria unida ao expediente.

Sexta. Duración

A duración do presente convenio será a necesaria para o desenvolvemento da 1ª etapa da Volta Ciclista a España 2007, a celebrar o vindeiro 1 de setembro de 2007.

Sétima. Pagamento

O técnico do Servizo de Deportes encargado do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará, xunto coa restante documentación, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

Oitava

A concellería de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

Novena

A aceptación por parte da Fundación Deporte Galego da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedida a subvención, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

Décima

O concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar posibles controversias da execución e interpretación do convenio.

Décimoprimeira

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.

Décimosegunda

A Fundación Deporte Galego, debera comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do evento obxecto deste Convenio.

Decimoterceira: Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado pola Fundación Deporte Galego.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase a favor da Fundación Deporte Galego, unha vez acheguen a documentación xustificativa do evento, establecida na lexislación vixente. En todo caso, deberán xuntar Certificado Técnico do desenvolvemento do evento e Memoria do mesmo.

Decimocuarta. Comisión Mixta

Constitúese unha Comisión Mixta, con dous representantes designados polos órganos reitores de ámbalas dúas partes en réxime de paridade. Dita Comisión será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas deste Convenio de Colaboración .

En proba de conformidade ambas as dúas partes asinan o presente acordo por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezado.

ANEXO 1

NECESIDADES A CUBRIR POLO CONCELLO DE VIGO CON RELACION Á "VOLTA A ESPAÑA 2007".

1. - Acto de Presentación de Equipos

Dispoñibilidade dun lugar emblemático de VIGO, para a celebración da Gala de Presentación de Equipos participantes na Volta a España 2007, equipado con escenario, luz, son, ornamentación, etc.

2. - Outros Acontecementos

Unha ou máis salas de exposicións para o "XII Certame Unipublic de Pintura Deportiva

Os gastos do aluguer destes salóns e do seu equipamento serán a cargo do CONCELLO DE VIGO.

En caso de que non se chegase a realizar este acontecemento por decisión de Unipublic, dita circunstancia comunicarase coa suficiente antelación ao obxecto de evitar a incursión en gastos innecesarios.

3. - Vixilancia

Unha vez coñecidos os hoteis en que se aloxarán os equipos e a Organización, o CONCELLO DE VIGO porá a vixilancia policial correspondente nos aparcamentos durante a noite.

4. - Oficina Permanente e Sala de Prensa

4.1 Oficina Permanente

Un lugar adecuado para instalar a Oficina Permanente e Sala de Prensa (Pazo de Deportes, Polideportivo, Pazo de Congresos, etc.) próximo á liña de meta e coas seguintes características:

4.1.1- Secretaria e acreditacións

Sala grande e diáfana duns 16 metros de fondo para a montaxe de 10 ou 12 postos de traballo, con mesas, cadeiras, papeleiras e puntos de luz para 10 ordenadores e impresoras.

Esta sala disporá dun mostrador corrido duns 6 metros para atención ao público e para a montaxe dun sistema fotográfico para a realización das acreditacións.

Dispoñibilidade dun almacén de 10 x 8 m. con chave para gardar material.

4.1.2. - Caravana, Espectáculo e Aloxamentos

Dispoñibilidade de 3 stands panelados aos dous lados e coa fronte aberta, de 5 x 5 m., con 2 mesas e 6 cadeiras en cada un.

4.1.3 Xurado Técnico

Unha sala diáfana cunha mesa para 12 persoas e unha mesa auxiliar para a montaxe do equipo informático para as clasificacións.

Esta sala deberá estar equipada con 14 cadeiras e papeleiras e como mínimo cun punto de luz.

4.1.4. - Seis Despachos

- 1. - Director Xeral*
- 2. - Directores Técnicos*
- 3. - Árbitros Internacionais*
- 4. - Unidade de Mobilidade e Seguridade Vial (Garda Civil)*
- 5. - Corpo Nacional de Policía*
- 6. - Sala de reunións para unhas 15 persoas*

Estes despachos deberán ser independentes e con fecho e equipados cunha mesa para unhas 5 persoas, cadeiras e un punto de luz.

4.1.5. - Sala Control Médico

Unha sala para a instalación de 2 máquinas para a realización das probas.

Esta sala estará equipada cunha mesa, cinco cadeiras, unha papeleira, un punto de luz e posibilidade de pechala con chave.

4.1.6. - Sala de Reunións

Disponibilidade dunha sala para albergar a unhas 120 persoas, con mesa presidencial para 12 persoas, mesas e cadeiras para asistentes, papeleiras e megafonía, onde se celebrarán as reunións de equipos, prensa e patrocinadores.

4.1.7. - Sala de Control de Equipos

Unha sala duns 40 metros para a entrega de todo o material que necesitan os equipos (dorsais, acreditacións etc.)

4.1.8. - Salga Prensa

- Sala diáfana illada e con acceso único, con capacidade para unhas 120 persoas. Cada posto de traballo (espazo aproximado 1,5 metros) debe de estar equipado con:*
- Mesas: As mesas serán decoradas co que, de común acordo, estimen ambas as dúas partes.*
- Cadeiras.*
- Tomas de electricidade: Cada posto de traballo (120) da sala de prensa deberá estar equipado con regretas para os ordenadores de xornalistas e fotógrafos. Estas regretas, na medida en que sexa posible, deberán estar ocultas ou suxeitas ao chan con fita adhesiva.*

- *Papeleiras e/ou colectores específicos de recollida de papel ou no seu defecto recipientes de recollida selectiva.*
- *Aparcamento vixiado na zona exterior o mais próximo posible á oficina permanente e sala de prensa.*
- *Aparcamento vixiado para o camión de reprografía e para os 2 camiões que prestan servizo á oficina permanente.*
- *Unha toma de electricidade monofásica na zona de entrada á oficina permanente con 10.000 w de potencia (camión de reprografía)*
- *Unha toma de electricidade monofásica na zona de entrada á oficina permanente con 2000 w de potencia para o camión que fai o servizo de locutorio.*
- *Vixilancia nas instalacións de oficina permanente e sala de prensa para restrición de acceso (solo para acreditados prensa).*
- *Un almacén con chave para gardar o material de prensa.*

4.1.9 Estacionamento de Vehículos

Reservarase un espazo para o aparcamento de 100 vehículos (prensa e servizos carreira).

4.1.10 Autorización para instalación de liñas telefónicas

Un semana antes da Saída Oficial, un responsable da compañía de telefonía que corresponda, realizará a instalación das liñas telefónicas necesarias.

5. - Zona de Saída

- *A zona de saída será decidida por Unipublic.*
- *Zona ampla duns 12.000 m2 para o Control de Sinatura e aparcamento de vehículos.*
- *Zona duns 4.000 m2 para a instalación do Punto de Encontro.*
- *Toma de forza de 12.000 W con toma de terra, para megafonía, Control de Sinatura e Punto de Encontro.*
- *Zona de saída limpa, cortada ao tráfico e libre de vehículos aparcados dende as 09:00 h. do día anterior á saída da etapa.*
- *Vixilancia policial para a montaxe da saída e do Punto de Encontro durante todo o tempo que permaneza instalado.*
- *Colaboración da Policía Local para o acceso e saída dos tráileres e vehículos que transportan todo o material de montaxe.*
- *Aparcamento, durante a noite anterior ao día da saída, para os camiões que transportan o material, o máis próximo posible á zona de saída para facilitar a montaxe e desmontaxe desta*

- 1 grúa municipal na saída para retirar os coches estacionados na zona urbana pola que discorra a carreira, se fose necesario.
- Vixilancia policial para o acto da sinatura dos corredores, que escoltará a carreira ata o límite xurisdicional.
- Toma de auga potable na zona de saída, necesaria para a subministración ao Punto de Encontro e Catering.
- Colectores de lixo para a súa utilización no Punto de Encontro

6. - Zona de Meta

- A zona de meta será decidida por Unipublic.
- Dous días antes da saída, a zona de meta, duns 500 metros aproximadamente, deberá estar libre de vehículos estacionados a partir das 18,00 horas.
- O tráfico rodado deberá cortarse ás 07,00 horas do día da chegada.
- O desvío de vehículos de Organización, Prensa, Equipos, etc. e a súa zona de aparcamento, cortarase ao tráfico rodado dúas horas antes da chegada da carreira.
- Zona de aparcamento abondo para os vehículos acreditados nas inmediacións da chegada.
- Na zona de meta e na área de influencia aproveitando a carreira, non se poderá instalar ningunha publicidade ocasional, salvo a contratada con Unipublic.
- Un camión cisterna con capacidade aproximada de 8.000 litros de auga para uso sanitario, que se situará na liña de meta ás 09,00 horas.
- Autorización de cala no pavimento da liña de meta para a instalación da antena do transponder.
- Protección policial para a instalación do valado ata o último quilómetro
- Postos de socorro fose do valado e dispoñibilidade dunha ambulancia, para a atención de posibles emerxencias entre o público.
- Dispoñibilidade dun equipo de bombeiros.
- Trofeo para o vencedor da etapa.
- O responsable do protocolo local porase en contacto co responsable do protocolo da Organización para determinar a/s autoridade/é local/é que farán entrega do trofeo ao vencedor da etapa.

7. - Recinto para Parque Volta

- Zona ampla (entre 10.000 e 15.000 m2) asfaltada e iluminada, situada o máis preto posible da liña de meta, libre de vehículos aparcados, asfaltada e iluminada e con control policial durante a montaxe, estanza e desmontaxe. Esta zona deberá estar libre de vehículos dende a noite anterior á chegada da etapa.

Os accesos deberán ser amplos para facilitar o paso de vehículos de gran tonelaxe.

- *Catro tomas de corrente trifásica (3 fases, 1 neutro) a 60.000 W cada unha e dúas tomas de corrente bifásica de 220 V (80.000 W). A situación destas acometidas será decida pola Organización.*
- *Cisterna de auga reciclada con grupo de presión para a limpeza das carpas que se instalen e abastecemento dos depósitos dos camións que o precisen.*
- *150 valla baixas sen publicidade, para acordar a zona do escenario e resto de atraccións do espectáculo.*
- *Instalación de 4 WC químicos no lugar que indique a Organización*
- *Disponibilidade dun equipo de bombeiros e unha ambulancia para atención de posibles emerxencias entre o público.*
- *Disponibilidade de 4 axentes da policía municipal que escoltarán a Caravana Publicitaria ata ao liña de meta, dende a liña de meta ao espectáculo e á saída da localidade. A Organización facilitará o percorrido o seu correspondente horario.*
- *Autorización para repartición e/ou venda por parte das empresas comerciais acreditadas na Volta a España, sendo restritivo o acceso doutros vehículos na zona da Caravana Publicitaria e inmediacións, se non están debidamente acreditados pola Organización.*

8. - Aparcamiento

Reservar nas proximidades dos hoteis onde se aloxe a Dirección da Volta a España e dos Equipos participantes, espazo abondo para o aparcamento dos seus turismos, furgonetas e autobuses propios. A tal fin, a organización enviará listado dos citados hoteis á Policía Local indicando no seu caso se se trata de Dirección ou Equipo.

9. - Helicópteros

Disporase dunha zona (campo de fútbol, grande aparcamento, etc.) con posibilidade de aparcar 6 helicópteros, debidamente cercada para evitar o acceso do público e con vixilancia policial.

10. - Limpeza

Asumir a limpeza dos diferentes lugares descritos nos apartados anteriores.

11. - Información pública sobre horarios e percorrido

Unha vez sexa concretado tanto a situación da chegada e saída como o percorrido polo que en ambos os dous días transcorrerá a carreira dentro do termo municipal de VIGO, o CONCELLO DE VIGO comprométese a informar coa suficiente antelación aos posibles interesados e público en xeral tanto da devandita situación coma do percorrido, ademais dos horarios nos que as diferentes vías públicas afectadas permanecerán pechadas ao tráfico, sendo da súa enteira responsabilidade os diferentes trastornos, danos e prexuízos que como consecuencia das devanditas limitacións se puidesen ocasionar

12. Servizos Municipais

A CONCELLO DE VIGO comprométese a realizar as xestións necesarias para que todos os servizos detallados nos apartados anteriores tales como: ambulancias, bombeiros, policía local, localizacións de chegada, espectáculo e saída, recinto para a situación do a oficina permanente e sala de prensa e todas a autorizacións precisas para o desenvolvemento da etapa, sexan postas a disposición de Unipublic.

19(1615).- SOLICITUDE DA FUNDACIÓN CICLISMO GALEGO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “MARCHA CICLOTURISTA LA VUELTA 07-GALICICALIDADE” O 31.08.07. EXPTE. 7125/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 30.07.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Fundación Ciclismo Galego a organizar o vindeiro día 31 de agosto, a Marcha Cicloturista La Vuelta`07 – Galiciacalidade, dita proba terá a saída e chegada na Avda. De Samil, entre as 07.30 e as 09.00 horas a saída e a chegada entre as 12.00 e as 15.00 horas.

20(1616).- SOLICITUDE E UNIPUBLIC SAU DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “I ETAPA DA VOLTA CICLISTA A ESPAÑA 07” O DÍA 1.09.07. EXPTE. 7131/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 14.08.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Unipublic, S.A.U. a organizar o vindeiro día 1 de setembro, a “I Etapa da volta Ciclista a España `07, dita proba terá a saída ás 13.25 horas do Nautico de Vigo e terá prevista a chegada a Avda. De Samil arredor das 17.11 horas.

21(1617).- SOLICITUDE DA ESCUDERÍA VIGUESA RACING SPORT COMPETICIÓN PARA ORGANIZAR A “1ª SUBIDA CIDADE DE VIGO DE AUTOMOVILISMO” OS DÍAS 1 E 2 DE SETEMBRO. EXPTE. 7089/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 2.08.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Escudería Viguesa, Racing Sport Competición, a organizar os vindeiros días 1 e 2 de setembro, a 1ª Subida Cidade de Vigo de automovilismo, con saída do Pabellón dos Deportes de Beade ás 13.00 horas ata as 22.00 horas do sábado 1, e dende as 08.00 horas ata as 15.00 horas do domingo día 2.

22(1618).- PROXECTO DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE VIGO. FASE 1. EXPTE. 2991/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Informáticos e de Comunicación, do 20.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Informática, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 26 de Marzo deste ano, adoptou ós seguintes acordos:

- 1.- Aprobar o Proxecto de Modernización Administrativa do Concello de Vigo Fase I, por importe de 539.895 €.*
- 2.- Solicitar unha subvención do Ministerio de Administracións Públicas por importe de 269.942 €, o 50 % do importe total do proxecto.*
- 3.- Para dar cobertura ó gasto proposto, iniciar o procedemento adecuado para suplementar o crédito necesario, que terá a consideración de inversión.*

O Ministerio de Administracións Públicas, concedeu unha subvención o Concello de Vigo para o desenvolvemento deste proxecto de 215.954 €, 53.988 € menos da cantidade solicitada, polo que se plantexa unha reformulación do proxecto para non modificar de xeito substancial as cantidades comprometidas.

O importe do proxecto reformado, sin afectar de forma importante o mesmo é de 486.525 €, dos que corresponde o Concello de Vigo aportar 270.571 €, solo 629 € mais que os comprometidos na sesión do 26 de marzo.

Sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local o Reformado do Proxecto de Modernización Administrativa do Concello de Vigo Fase I, que se adxunta como anexo.

PROPOSTA:

1.- Aprobar o Reformado do Proxecto de Modernización Administrativa do Concello de Vigo Fase I, por un importe de 486.525 €, dos cales 215.954 € serán aportados polo Ministerio de Administracións Públicas con cargo ó crédito presupostario do programa de “Cooperación Económica Local del Estado”, e os restantes 270.571 € polo Concello de Vigo.

2.- Iniciar o procedemento adecuado para suplementar o crédito necesario, que terá a consideración de inversión.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1619).- SOLICITUDE DO MUSEO JACQUEMART-ANDRÉ (PARÍS) DE PRÉSTAMO DA OBRA “NÍOBE” DE JEAN HONORE FRAGONARD PARA EXPOSICIÓN. EXPTE. 2413/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 23.07.07, conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal da obra Níobe, de Jean Honore Fragonard, nº INV. 705; pertencente ao legado de Policarpo Sanz, da colección do museo; á entidade Museo Jacquemart-André (París); no periodo do 15 de setembro de 2007 ao 25 de xaneiro de 2008; para a exposición “Jean Honore Fragonard”, a celebrar entre o 2 de outubro de 2007 e o 13 de xaneiro de 2008 no Museo Jacquemart-André (París); conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal”.

24(1620).- SOLICITUDE DO AUDITORIO DE GALICIA PARA PRÉSTAMO TEMPORAL DA OBRA “AS NOTICIAS DAS SETE DO SERÁN” DE MANUEL QUINTANA MARTELO PARA EXPOSICIÓN. EXPTE. 2513/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 23.07.07, conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal da obra As noticias das sete do serán. Manuel Quintana Martelo nº de INV. 517; pertencente á colección de arte galega do museo; á entidade Auditorio de Galicia; para a exposición “Retrospectiva Quintana Martelo”, no período 1 de setembro – 31 de decembro de 2007 no Auditorio de Galicia; conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal.

Do citado préstamo darase conta ao padroado do museo municipal na primeira xuntanza que se convoque.

25(1621).- AUTORIZACIÓN PARA O LEVANTAMENTO TEMPORAL DE DEPÓSITO DA OBRA ASUNCIÓN DE LA VIRGEN DE LUCA GIORDANO, PROMOVIDO POLO MUSEO NACIONAL DEL PRADO. EXPTE. 2540/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 13.08.07, conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o levantamento temporal de depósito da obra Asunción de la Virgen de Luca Giordano nº INV.342, promovido polo Museo Nacional del Prado, de conformidade coa Orden Ministerial de 12 de xuño de 2007 (DEPO. 60/07); por mor do seu estudio e restauración, e para que figure na exposición temporal “LUCA GIORDANO EN EL CASÓN DEL BUEN RETIRO” que se celebrará no Museo Nacional del Prado entre xaneiro e abril de 2008.

Do citado levantamento de depósito debera darse conta ó padroado do museo municipal na primeira xuntanza que se convoque.

26(1622).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ELIAS GABIÁN PIÑEIRO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO ORTOGONAL A RÚA RAMÓN NIETO. EXPTE. 180/244.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, de 10.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro , do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)

- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en data 20 de marzo de 2007, acordou desestimar a solicitude de D. Elias Gabian Piñeiro de desafectación de camiño ortogonal a Ramon Nieto, ó estar afectada na súa totalidade polo trazado viario previsto no PXOU vixente, consonte o acordo do Pleno Municipal de data 30 de novembro de 1994.

SEGUNDO.- Con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 19.05.2007 interponse polo interesado recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a desafectación do devandito camiño.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- Procede admitir a tramite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

O acordo desestimatorio recurrido, fundamentase nunha resolución administrativa adoptada por órgano competente no ano 1994 pola que se resolvía a inclusión dunha clausula xeral nos procedementos sobre reclamacións ó viario municipal, no senso de non modificalo naqueles casos en que estivera afectado polas aliñeacións do PXOU.

Dita resolución e firme e executiva, resultando polo tanto de aplicación o suposto de modificación inventarial plantexado pola recorrente, e motivando o acordo recurrido sen que se aprecie a concurrencia de circunstancias que o modifiquen ou desvirtuen, non procedendo entrar en cuestión de dereito privado que deberan solventarse no seu caso ante a xurisdicción civil.

SEGUNDO.-.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 27.06.2005, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Elias Gabian Piñeiro, contra o acordo da Xunta de Goberno Local 20 de marzo de 2007 ó non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a desestimación da solicitude de desafectación do camiño ortogonal a Rúa Ramón Nieto.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1623).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE INMOBLE SITO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18124/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, de 2.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e o interventor xeral, que di o seguinte:

Por parte da Xestora de comunidades e Administradora de Fincas “Maigler”, solicitan o abono á Comunidade de Propietarios do Inmoble da rúa República Argentina nº 12-14, por parte deste Concello, da cantidade adeudada en concepto de “cuotas de propietarios”, polos pisos da súa propiedade nos mencionados edificios.

A propiedade por parte do Concello de Vigo resulta acreditada segundo a escritura pública, otorgada o 14 de setembro de 1994, a Xunta de Compensación Urbanizadora da Unidade de execución I-05; Rosalía de castro 1, de Vigo, declarou a obra nova en construción do edificio sito na rúa Republica Argentina 12-14, e constituino en réxime de propiedade horizontal. En dita escritura adxudicaronse as diferentes entidades das que se compón dito edificio da forma seguinte: O Concello de Vigo, en pago e como contraprestación por aproveitamento da edificabilidade que lle corresponde dentro da unidade do ámbito da unidade de execución..., en total cincuenta vivendas.

As citadas vivendas atopase pendentes de inscrición rexistral, como fincas independentes.

O importe adeudado por parte do Concello ata o mes de marzo de 2007, ascende, segundo copias das actas de comunidades de propietarios que se achegan no expediente, á cantidade de 6.409,05 euros.

O importe de dito gasto poderase cargar a na partida 12102120005, Mantemento e Comunidades, do vixente presuposto.

Según a Ley de propiedade horizontal, na que se establece que cada un dos propietarios do inmoble deberá contribuir proporcionalmente os gastos do inmoble, estimase oportuno proceder o pago da debeda .

Polo anteriormente exponse, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmoble sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 1.281,81 euros, quedando liquidada a debeda coa Comunidade de propiearios ata o 31 de maio de 2007, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1624).- ESTABLECEMENTO DE TARIFAS POR MINUTO DOS APARCADOIROS DE CONCESIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 18130/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, de 2.08.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, do Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 2007, según ó disposto na Lei 44/2006 de 29 de decembro, de mellora de protección dos consumidores, e na lei 40/2002, adoptou o acordo de fixar o importe da tarifa minuto nos aparcadoiros de Concesión administrativa Municipal, resultante de dividir a tarifa ata a data vixente- fixada por prezo hora-, por 60 (minutos), resultando así o importe por uso en minutos.

No citado acordo recollíase que as citadas tarifas poderían incrementarse cos importes resultantes das actualizacións procedentes.

Notificado as distintas concesionarias, no prazo establecido ó efecto presentaron recurso as seguintes concesionarias:

- a) Eloymar y Transvias Electricos.*
- b) Interparking- galicia.*
- c) Conicase.*
- d) Prasadouro.*

Na Xunta local de goberno do día 19 de marzo de 2007, en base ó informe do titular da asesoría xurídica deste Concello, adoptouse o acordo, de estimar parcialmente os recursos presentados, e aprobar inicialmente as tarifas minuto que a continuación se transcriben.

- *INTERPARKING ESPAÑA, S.A.*

*Aparcadoiro Porta do Sol: 2,58 cts. /mto.
Aparcadoiro Praza de Portugal: 2,00/ mto.*

- *CONICASE S.L.*

*Aparcadoiro da rúa Venezuela: 1,80 cts./mto.
Aparcadoiro da rúa Coruña: 1,80 cts./mto.
Aparcadoiro Prz. Fernando el Catolico: 1,80 cts./mto.*

- *Eloymar y Transvias Electricos de Vigo, S.A.:*

*Aparcadoiro prza. Da Independencia: 2,00 cts./mto.
Aparcadoiro da rúa urzaiz: 2,16 cts./mto.*

- *APARCADOIRO JENARO DE LA FUENTE, S.A.*

Aparcadoiro rúa Jenaro de la Fuente: 1,90 cts./min.

- *Ismael y Vicente, S.A.*

Aparcadoiro Praza de America: 1,25 cts./minto.

- *Vialmar, S.A.*

Aparcadoiro rúa Camelias López Mora: 1,25 cts./minto.

- *Prazadouro S.L.*

Aparcadoiro Praza Eliptica: 0,66 cts./minto.

Así mesmo, no apartado segundo de dito acordo decía que as tarifas poderían incrementarse cos importes resultantes das actualizacións que no seu caso procedan en cada contrato, ou co cociente resultante de dividir pola mesma cantidade citada (60 minutos) as tarifas máximas que en cada contrato se atopan aprobadas.

Establecendose un prazo de 15 días para as concesionarias, a contar dende o día seguinte do recibo de notificación do acordo, ó obxecto de que manifesten o que coiden conveniente en defensa dos seus dereitos.

As alegacións foron presentadas polas seguintes concesionarias:

Eloymar y Transvias Electricos, S.A.: ratifícase no recurso presentado ó acordo da XGL de 15 de xaneiro de 2007.

Prazadouro, S.L.: solicita que o cálculo da tarifa minuto se efectue sobre o importe da tarifa hora que legalmente corresponde, según o prego de condicións e non sobre a tarifa que actualmente se está xirando en dito aparcadoiro, xa que esta é inferior.

Corporación Masaveu: idem. Anterior.

A data actual, e unha vez efectuadas as revisións de tarifas previstas nos pregos de cláusulas administrativas que rexeron cada unha delas, en cada unha das concesións, as tarifas atopanse establecidas nos seguintes importes:

- *Eloymar y transvias Electricos, S.A.*

Aparcadoiro praza da Independencia: 1,23 euros (XGL 12 de febreiro de 2007).

Aparcadoiro da rúa Urzaiz: 1,34 euros/hora (XGL 23 de xullo de 2007.

- *Corporación Masaveu*

Aparcadoiro Praza do rei: 1 euro/hora.

- *Conicase S.L.*

Aparcadoiro rúa venezuela: 1,35 euro/hora.

Aparcadoiro rúa Coruña: 1,35 euro hora.

Aparcadoiro Praza Fernando El Catolico: 1,35 euro/hora.

- *iINTERPARKING HISPANIA, s.a..*

Aparcadoiro Praza de Portugal: 1,32 euro/hora.

Aparcadoiro Porta do Sol: 1,69 euro/hora.

- *Masaveu s.a.*

Aparcadoiro Praza do Rei: 1,05 euro/hora.

- *Aparcadoiro Jenaro de la Fuente:*

Aparcamiento rúa Jenaro de la Fuente: 1,14 euro/hora.

- *Ismael y Vicente, S.A.:*

Aparcadoiro Praza de America: 0,75 euro/hora.

- *Vialmar S.A.*

Aparcadoiro Rúa camelias Lopez Mora:0,75 cts. Euro/hora.

- *Prazadouro S.L.:*

Aparcadoiro Praza Eliptica: 1,19 euro/hora.

Na reunión celebrada o día 22 de agosto deste ano por parte do Concelleiro de Seguridade e as distintas concesionaris municipais estableceronse as directrices para o establecemento do importe da tarifa minuto, cuio contido que reflexado na parte dispositiva desta proposta.

Polo exposto, PROPONSE a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte A C O R D O:

Primeiro.- O importe das tarifas minuto, nos aparcadoiros de concesión municipal, quedará establecido, para un periodo transitorio, máximo de seis meses, e a partir do 1 de setembro de 2007, nos seguintes importes:

- *Eloymar y transvias Electricos, S.A.*

Aparcadoiro praza da Independencia: 0,0205 euro/minuto (XGL 12 de febreiro de 2007).

Aparcadoiro da rúa Urzaiz: 0,0223 euro/minuto (XGL 23 de xullo de 2007.

- *Corporación Masaveu*

Aparcadoiro Praza do rei: 0,0175 euro/ minuto.

- *Conicase S.L.*

Aparcadoiro rúa venezuela: 0,0225 euro/minuto.

Aparcadoiro rúa Coruña: 0,0225 euro/minuto.

Aparcadoiro Praza Fernando El Catolico:0,0225 euro/minuto.

- *i*INTERPARKING HISPANIA, s.a..

Aparcadoiro Praza de Portugal: 0,0220 euro/minuto.

Aparcadoiro Porta do Sol: 0,0282 euro/minuto.

- *Masaveu s.a.*

Aparcadoiro Praza do Rei: 0,0175 euro/minuto.

- *Aparcadoiro Jenaro de la Fuente:*

Aparcamiento rúa Jenaro de la Fuente: 0,0190 euro /min.

- *Ismael y Vicente, S.A.:*

Aparcadoiro Praza de America: 0,0125 euro/minuto.

- *Vialmar S.A.*

Aparcadoiro Rúa camelias Lopez Mora: 0,0125 euro/minuto.

- *Prazadouro S.L.:*

Aparcadoiro Praza Eliptica: 0,0198 euro/min

Segundo.- Constituir unha comisión para o estudio e posterior pronunciamento sobre a evolución do equilibrio económico financeiro da concesionarias municipais de aparcadoiros, que estará formada por tres representantes do Concello e tres representantes das asociacións dos aparcadoiros de Vigo e Presedida polo Concelleiro da Area de Seguridade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1625).- PRODUCTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS DE D^a. GLORIA POUSA RODRÍGUEZ. EXPTE. 17469/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.08.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 2.08.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

Por resolución do 8 de xuño de 2007, o Primeiro Tenente Alcalde autorizou a acumulacion temporal do posto de traballo vacante de auxiliar de admon xeral no Servizo de Normalizacion Lingüística á funcionaria D^a M^a Gloria Pousa Rodríguez, con DNI 36.029.748-H e nº de persoal 17.186, auxiliar de admón. Xeral adscrita ao Servizo da

Muller, motivada na inexistencia de persoal auxiliar no Servizo citado, establecéndose a duración da dita acumulación en 2 meses

Con data 16 de xullo de 2007, a devandita funcionaria solicita o aboamento da compensacion economica correspondente e regulamentariamente recoñecidos polas vixentes Instruccións de Plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 31/05/2005, ao incorporarse ao seu posto de traballo a administrativa do Servizo de Normalizacion Lingüística o día 12 de xullo.

Fundamentos de dereito :

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendimento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

De conformidade coas Instruccións de Plantilla vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005 (Bop de 7 de xuño de 2005) serán aboadas con cargo o complemento de produtividade, entre outros supostos, a actividade extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, por motivos de urxencia, polo importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado.

De conformidade coas instruccións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, descontándose polo tanto as baixas laborais e vacacións.

Consultados os datos obrantes na Unidade de persoal, D^a M Carmen Viñas Rodrigo adscribíuse ao posto de administrativo do servizo de Normalización lingüística, con data 12 de xullo de 2007, e D^a Gloria Pousa Rodríguez non disfrutou de ningún día de permiso nin de baixa laboral no período comprendido entre o 21 de xuño e o 11 de xullo de 2007.

O importe mensual do complemento de destino 16, correspondente aos postos de auxiliar de admon xeral no ano 2007, é de 352,95 €. Consecuentemente o importe da produtividade para o período comprendido entre o 21 de xuño e o 11 de xullo de 2007 será de un total de 247,07€.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Recoñecer a auxiliar de admón.Xeral, D^a Gloria Pousa Rodriguez, con n^o de persoal 17816, un complemento de produtividade por importe de 247,07 €, importe calculado en función do importe do complemento de destino do posto acumulado de auxiliar de admon xeral do servizo de normalización linguística, en relación ao período comprendido entre o 21 de xuño e o 11 de xullo de 2007, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1626).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXIDICADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE ÓS MESES DE XUÑO E XULLO DE 2007. EXPTE. 17479/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 8.08.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 8.08.07, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes aos meses de XUÑO e XULLO-2007 e que ascenden a un total 1,405'32 € (MIL CATROCENTOS CINCO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

31(1627).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO DE 2007. EXPTE. 17478/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.08.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 8.08.07, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Antonio Amoedo García que figura na relación adxunta no expediente e que ascende a un total de 43'50 €, correspondente o mes de XULLO de 2007 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

32(1628).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR SERVIZOS PRESTADOS EN RÉXIME DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE ÓS MESES DE XUÑO E XULLO-2007. EXPTE. 17480/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.08.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 8.08.07, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes aos meses de XUÑO e XULLO-2007, e que ascenden a un total de 2,018'44 € (DOUS MIL DEZAOITO EUROS CON COARENTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

33(1629).- GASTOS DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO, NON SENDO CONDUCTORES OFICIAIS, DO PERSOAL DO SERVIZO DE ELECTRO-MECÁNICOS- SEGUNDO TRIMESTRE DE 2007. EXPTE. 12197/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 20.08.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 27.07.07, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Servizo de Electromecánicos, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, a cantidade que figura para cada un deles nas relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 518,40 € respectivamente, correspondentes ó 2º trimestre de 2007 e con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00- Gratificacións.

34(1630).- PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS DE COTAS DE ENGANCHE ÁS REDES DE SANEAMENTO. EXPTE. 495/500.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do tesoureiro municipal, do 10.08.07, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo tesoureiro municipal e notificada ó obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto emitidas, polo importe de 25.272,49 € (VINTECINCO MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CUARENTA E NOVE CÉNTIMOS), en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

35(1631).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DA PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO POR LIQUIDACIÓNS DE TAXAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO. EXPTE. 7090/700.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do tesoureiro municipal, do 7.06.07, que di o seguinte:

En sesión ordinaria de data 19 de marzo de 2007 na Xunta de Goberno Local acordouse a seguinte resolución:

"Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo que, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada ao obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta na certificación de descuberto emitida con data 20 de decembro de 2006, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación"

En data 27-06-07, e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, por terse comprobado que as devanditas liquidacións non foron notificadas regulamentariamente no período voluntario de pagamento, procedendo a anulación do procedemento de constrinximento aberto para o cobro de ditas liquidacións ao amparo do previsto no artigo 167.3 c) da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

As liquidacións inclúense en listado adxunto coas referencias seguintes:

- *Referencia listado: CARGO EJECUTIVA AQUALIA 1/07*
- *Comenza por: Nº RECIBO: 38607920, NOME: ACUÑA COBAS-CODESIDO C.B.*
- *Remata por: Nº RECIBO: 48608163, NOME: ZALBAR S.L.*
- *Concepto: Taxas por subministración de auga e saneamento*
- *Importe principal total: 203.393,06 euros*

Xa que teñen desaparecido as causa que orixinaron no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta Local de Goberno para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

36(1632).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DA PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO POR LIQUIDACIÓNS DE TAXAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO. EXPTE. 7134/700.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do tesoureiro municipal, do 14.08.07, que di o seguinte:

En sesións ordinarias de datas 22 de maio de 2006 e 19 de marzo de 2007 na Xunta de Goberno Local, acordouse a seguinte resolución:

"Interesar da Tesoureria Municipal do Concello de Vigo que, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada ao obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto emitidas con data 16 de setembro de 2005 e 20 de decembro de 2006, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación"

En data: 27/07/2007, e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s en data 19/03/2007, 10/05/2007, 20/04/2007 e 02/07/2007, pola Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) do que se achega copia.

Nos citados escritos solicitábase a anulación dos recibos relacionados pola concesionaria, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre as TAXAS POLA PRESTACION DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS.

Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta Local de Goberno para o seu coñecemento.

DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:

NOME	DNI	CONCEPTO	<u>ANO</u>	Nº RECIBO	PRINCIPAL
DABOUZA ALVAREZ JOSE MANUEL	34980506J	ABASTECIMENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2006</u>	028600344	329.34
ORIO ENRIQUE	36053585G	ABASTECIMENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2006</u>	028600754	138.85
LADO PALOMINO MARIA CARMEN	36059294D	ABASTECIMENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2006</u>	028600630	195.93

LENS ROMERO MARIA JOSEFA	76467040K	ABASTECIMIENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2006</u>	028600642	37.08
HOLGADO SÁNCHEZ ISABEL	7837635V	ABASTECIMIENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2006</u>	028600598	296.81
FELIPE DIAZ COMESAÑA	35995525L	ABASTECIMIENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2007</u>	028600362	814,01
ROSARIO GOMEZ MIRANDA	35275329E	ABASTECIMIENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2006</u>	028600490	38,60
TOMAS RODRÍGUEZ CAMESELLE	36001477Z	ABASTECIMIENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2006</u>	028600874	644,49
AGUSTÍN SÁNCHEZ BRAVO	35925194E	ABASTECIMIENTO AUGA/ SANEAMENTO	<u>2006</u>	028600922	25,22

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

37(1633).- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO IV DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE.4755/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 1.08.07, conformado polo director adxunto da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Por acordo de 30.09.02 o Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (expte 5826/411).

O 17.02.06 parte dos propietarios de terreos incluídos na delimitación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, presentan escrito no que se insta a aprobación inicial de estatutos e bases de actuación.

Por acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 se deu aprobación inicial os estatutos e bases de actuación no polígono IV do Plan especial de protección e reforma interior do conxunto histórico de Bouzas.

Con posterioridade a propia Xunta de goberno local de 13.11.06 adoptou o seguinte acordo:”(...) PRIMEIRO.- Rectificar o erro material contido nos antecedentes do acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 polo que se aprobaron inicialmente os estatutos e bases de actuación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, no que se refire á referencia ó polígono VI, cando en realidade debe figurar o IV (...)”.

A Xunta de goberno local de 20.04.07 acordou aprobar definitivamente os estatutos e bases de actuación a aplicar ó “polígono IV do PEPRI de Bouzas” (4661/401). Así mesmo, se requeriu ós propietarios do polígono IV par que se constituíran en Xunta de Compensación no prazo máximo dun mes dende a notificación do acordo.

En data 7.06.07 don Pablo Mencía Cuerva, en representación da Xunta de Compensación do polígono IV de Bouzas, presenta escritura de constitución da Xunta de Compensación do polígono IV de Bouzas. Solicita expresamente a aprobación da constitución e a inscrición da mesma no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

O 20.07.07 don Pablo Mencía Cuerva, e.r. da Xunta de Compensación do “polígono IV-PEPRI Bouzas” comunica a adhesión á Xunta de Compensación de dona Inés Ruiz Leiros, aportando para a súa xustificación escritura pública subscripta ante o Notario don José Antonio Rodríguez González o 19.07.07 (protocolo número 1750).

FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1- *Constitución da Xunta de compensación.-Procede aproba-la constitución da xunta de compensación, que se efectuou en escritura pública polos propietarios que representan máis dun 50% da superficie do ámbito (escritura pública de 23.05.07, formalizada ante o Notario don Jose Antonio Rodríguez González, protocolo número 1.184), con cumprimento do disposto no art. 155 da Lei 9/02 e preceptos concordantes do vixente regulamento de xestión urbanística, aprobado por real decreto 3.288/78, de 25 de agosto. Consta no expediente a adhesión descrita nos antecedentes do presente informe proposta, formalizada o 19.07.07 (protocolo número 1750) ante o Notario don José Antonio Rodríguez González. En total consta nas escrituras públicas aportadas que forman parte da Xunta de compensación os propietarios que representan o 97,8 % da superficie total do polígono.*

2.- *Necesidade de práctica da nota marxinal de iniciación do expediente de reparcelación no Rexistro da propiedade.- De acordo co previsto no artigo 5º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico, procede a práctica da nota marxinal de inicio do expediente dende o momento de formalización en escritura pública da constitución da xunta de compensación.*

3.- *Competencia para a adopción do presente acordo.-É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 124 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).*

Por todo elo, proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono IV de Bouzas, efectuada por escritura de 23.05.07 ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Antonio Rodríguez González (protocolo número 1184), así como a adhesión formalizada o 19.07.07 ante o mesmo Notario (protocolo 1750). Así mesmo, requirir dos órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo.

SEGUNDO: Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación á concelleira-delegada de urbanismo dona Carmen Silva Rego.

TERCEIRO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición da Xunta de compensación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

CUARTO: Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa aprobación a antedita proposta, se ben se engade como representante municipal na Xunta a D^a. Elena Moure Noia, polo que o acordo queda redactado do seguinte xeito:

PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono IV de Bouzas, efectuada por escritura de 23.05.07 ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Antonio Rodríguez

González (protocolo número 1184), así como a adhesión formalizada o 19.07.07 ante o mesmo Notario (protocolo 1750). Así mesmo, requerir dos órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo.

SEGUNDO: Nomear como representantes municipais nesta Xunta de compensación á concelleira-delegada de urbanismo dona Carmen Silva Rego, e a delegada da Área de Patrimonio Histórico, Dª. Elena Maure Noia.

TERCEIRO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición da Xunta de compensación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

CUARTO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

38(1634).- AXUDA PARA A REHABILITACIÓN DA VIVENDA SITA NA RÚA CESTEIROS 7, 2º. CONCESIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 269/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 13.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 02/08/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ CESTEIROS 7, 2º -, executadas ao abeiro do Convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 09.03.2007 (REMATE 4ª, 5ª e 6ª FASES).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Manuel Araujo Viso (DNI/NIF nº 36019658W) a axuda de 10000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 5.000,00 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 5.000,00 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 10000 euros con cargo á partida 4320.7800600 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

39(1635).- SOLICITUDE DE EXPROPIACIÓN TOTAL DAS PARCELAS P-016 B, P-022 BIS, P-050 BIS, P-009, P-011, P-026, P-046, P-027 E E-056 INCLUÍDAS NOS EXPEDIENTES EXPROPIATORIOS DAS RÚAS MANUEL ÁLVAREZ, GANDARÓN E SEVERINO COBAS. EXPTE. 147/413, 152/413 E 156/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, do 13.08.07, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

No 30.02.2000 o Concello subscribiu un convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) en virtude do cal esta última comprometeuse "ó financiamento, contratación, execución e dirección", de varias obras de apertura e ampliación de viario nos barrios periféricos de Vigo, entre as que se atopa o ensanche e mellora da rúa Manuel Álvarez, Gandarón e Severino Cobas.

A oficina de planeamento e xestión da Xerencia municipal de urbanismo está a tramitar os correspondentes expedientes expropiatorios 147/413 (Manuel Álvarez), 152/413 (Gandarón) e 156/413 (Severino Cobas).

Durante a fase de determinación de xustiprezo os seguintes propietarios solicitaron a expropiación total:

Expte. 147/413 (Manuel Álvarez):

- P-016 B e P-022 Bis: José Covelo González
- P-050 Bis: Constantino Borraqueiros Rey.

Expte. 152/413 (Gandarón):

- P-009: Carmen Tomé Pérez
- P-011: M^a Victoria Carleos Romero.
- P-026: Manuel Nogueira Martín.
- P-046: Manuela Camiña Francisca e outros.
- P-027: "Promociones Obras inmobiliarias Vigo, S.A."

Expte 156/413 (Severino Cobas):

- E-056: Marina Carrera Cameselle.

Consta no expediente informe favorable da oficina de actuacións viarias.

Solicitado o correspondente certificado de existencia de crédito, é emitido o 16.07.07.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Procedencia da adopción de acordo de expropiación total das fincas incluídas nos proxectos de expropiación das rúas Manuel Álvarez, Gandarón e Severino Cobas.- Tendo en conta o previsto no artigo 23 da Lei de 16 de decembro de 1954 cando a expropiación implique só a necesidade de ocupación dunha parte da finca rústica ou urbana, de tal xeito que como consecuencia daquela resulte antieconómica para o propietario a conservación da parte da finca non expropiada, poderá este solicitar a expropiación total. Por outra parte, o Decreto de 26 de abril de 1957 prevé que na solicitude de expropiación da totalidade deberá expoñer as causas concretas determinantes dos prexuízos económicos. Tal extremo foi obxecto de informe por parte da oficina de actuacións viarias. Todas as solicitudes da expropiación da totalidade foron informadas favorablemente agás a de don José Calvo González (con respecto á parcela P-022 Bis), unha vez comprobado que a parcela ten unha superficie de 277,30 m2 alcanzando a expropiación unicamente ó 85%

2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, á vista do informado, SE PROPOÑE a adopción do seguinte acordo:

1.- Estimar a solicitude de expropiación da totalidade presentada por José Covelo González (P 016B) e Constantino Borrageiros Rey (P 050Bis) correspondentes a parcelas incluídas dentro do expediente expropiatorio da rúa Manuel Álvarez (expte 147/413); Carmen Tomé Pérez (P 009), M^a Victoria Carleos Romero (P 011), Manuel Nogueira Martín (P 026), Manuela Camiña Francisca e outros (P 046) e “Promociones obras inmobiliarias, S.A.” (P 046) como propietarios de parcelas incluídas no expediente expropiatorio da rúa Gandarón (152/413); Marina Carrera Cameselle (E 056), como propietaria de parcela incluída no expediente expropiatorio da rúa Severino Cobas (156/413). Desestimar solicitude de expropiación total presentada por don José Covelo González con respecto á parcela P 022Bis.

2.-Remitir novas follas de valoración ós propietarios afectados.

3.-Comunicar o presente acordo á oficina de actuacións viarias e os servizos centrais da XMU.

4.-Notificar o acordo ós interesados, informando que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta mesma Administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(1636).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.